

Hoxe, en Compostela, ás 12.30 horas no Parlamento, Balseiro, voceiro de Pesca do Grupo Popular, analizará asuntos de actualidade.



Hoxe, na Coruña, ás 19.00 horas no Paraninfo da Reitoría, preséntase 'A Armada Invencible. Pesqueiros galegos no Gran Sol', de M. J. Carrol.

Hoxe, en Vigo, ás 20.30 horas no centro cultural Caixanova, actuación de Teatro Negro de Praga coa obra 'Alicia no país das marabillas'.

CADERNO ABERTO

Internacionalización da cultura galega



MIGUEL ANXO
FERNÁN
VELLO

Hai xente no Partido Popular de Galicia sumamente respectuosa co mundo cultural galego

Anda o señor Ignacio López-Chaves, deputado do PP e voceiro de Cultura do Grupo Popular, en teima permanente e fixación dramática compulsiva, contra a internacionalización da cultura galega e, en particular, contra a presenza de Galicia como país convidado, ou cultura convidada oficialmente, na XVII Feira Internacional do Libro de La Habana. E xa lle contestaron a este señor –claramente despectivo coa cultura galega actual e cos seus protagonistas creativos– a Asociación de Escri-

res en Lingua Galega, A Asociación Galega de Editores, a Asociación de Profesionais da Ilustración e a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil. Ou sexa, a práctica totalidade das institucións representativas da industria cultural galega –o mellor que ten o país neste ámbito– dixéronlle a este señor deputado que non, que anda errado nas súas apreciacións, que manipula e terxiversa a realidade e que o seu discurso cheo de acusacións doentías destila desprezo nunca visto en tempos contra o mundo vivo da cul-

tura de noso. ¿É esta a política cultural do Partido Popular en Galicia: arremeter contra a intelixencia e a sensibilidade, contra a razón ética e a razón estética dos seus creadores culturais? Se é así, por mal camiño vai, por desgraza, este señor e os seus adláteres de partido. Porque me consta que hai xente no Partido Popular de Galicia sumamente respectuosa co mundo cultural galego en xeral e cos seus protagonistas creativos en particular. Cando Galicia, como entidade independente, e con todas as da lei, dá pasos

para internacionalizar a súa cultura, dende posicións retardatarias e negadoras da realidade cultural galega *disparan* contra nós. ¿É consciente o señor López-Chaves, fiel ao manual do calumniador, de que está a ingresar por méritos propios, e borgeanamente, na “historia universal da infamia”? ¿Non pensa o Partido Popular de Galicia en mellorar a calidade política e intelectual do seu voceiro de Cultura, auténtico *gladiador* contra todos e contra a propia realidade obxectiva? Vostedes mesmos.●